

## A CADA PINGA DE CHOIVA

Conchi Madrina

(Amparo e Sara saen do ximnasio falando animadamente)

AMPARO

Cando saio do ximnasio, vou cansa, pero quedo súper relaxada.

SARA

A min pásame o mesmo. O exercicio actívame. Non deixo de vir regularmente nin por nada.

AMPARO

Que mágoa que non poida vir Beatriz!

SARA

Ai, si. A ver se se lle resolven de vez as cousas e pode recuperar as súas rutinas.

AMPARO

Que lata! A ver se remata con todo iso axiña.

SARA

Muller, axiña non. Pobre muller!

AMPARO

É verdade. Ter na casa unha persoa tan enferma é moi complicado. Ela está facendo moito por a súa irmá.

SARA

Mira, hoxe que quedamos de ir tomar un café, levo todo o día nerviosa.

AMPARO

Si, eu tamén. Teño medo de estar alí falando con elas e que se me escape algo.

SARA

Eu quedo ás veces mirando para ela, e non é por mal, pero penso no que lle espera e... e... É moi duro.

AMPARO

Ao mellor cando cheguemos está repousando...

SARA

Iso gustaríame, así poderíamos estar máis cómodas con Bea.

AMPARO

Sexa como queira, imos aló!

(Beatriz chega á súa casa despois de traballar. No xardín está sentada nunha butaca a súa irmá Inmaculada)

BEATRIZ

Pero, a ver, que fas aquí fóra?

INMACULADA

Pois estou repousando.

BEATRIZ

Vai resultar que non podo perderte de vista.

INMACULADA

Non fagas un mundo dunha parvada. Estou aquí fóra e non pasa nada.

BEATRIZ

Como que non? Como sacaches a butaca para aquí?

INMACULADA

Empurrando nela amodiño. Non sabía onde tiñas os mobles do xardín.

BEATRIZ

E que non teño mobles de xardín.

INMACULADA

Entón, cando queres estar aquí fóra, como fas?

BEATRIZ

Non saio fóra case que nunca.

INMACULADA

E, para que tes unha casa con xardín e con horta e con dúas árbores?

BEATRIZ

Porque me gusta.

INMACULADA

Gústache mirar dende a fiestra?

BEATRIZ

Non sei se te fixaches pero a fiestra corre cara un lado e queda o meu salón totalmente aberto cara o xardín. Eu séntome no meu cómodo sofá e estou cun pé no xardín.

INMACULADA

Pero así non te decatás dos olores nin da brisa que ven do mar, non sentes o sol quente na túa faciana nin podes ver as estrelas.

BEATRIZ

Cando chego a casa de noite, cansa de traballar, non me presta ulir a grellada do veciño, non teño gañas de escoitar aos grilos, non se ven moi ben as estrelas por mor da contaminación luminosa, non me gusta que me coman os mosquitos...

INMACULADA

Pero vivir acó é moito máis caro que vivir nun piso, e ti non lle estás sacando ningún rendemento.

BEATRIZ

Temos pensado construír unha piscina cando esteamos un pouco máis liberados economicamente. A Carlos gústalle moito nadar.

INMACULADA

Ah...

BEATRIZ

E ademais moitos dos nosos compañeiros de traballo viven nesta mesma zona. Hai unha veciñanza ben escollida e iso gústanos.

INMACULADA

Ahh...

BEATRIZ

Vou levar a compra á cociña e tráioche algo abrigoso. Aquí á sombra, vai fresco.

INMACULADA

Estou ben, saca a outra butaca para fóra e séntate un cacho a respirar un pouco de aire puro.

BEATRIZ

Teño cousas que facer.

(Entra coas bolsas)

INMACULADA

(Fala directamente ao público) Cando eramos nenas, pasabamos o día na rúa. Viviamos nun faiado pequeno. No inverno

morriamos de frío e no verán afogabamos coa calor. Estabamos sempre na rúa, en canto podíamos baixabamos pola escaleira en tropel. Tiñamos aqueles zapatos Gorilas que tal parecía que iam os rebentar os chanzos. Se chovía, xogabamos nos portais; e se facía bo, estabamos fóra. Detrás de todas as casas da rúa había hortas, campo, árbores. As nais de todos vixiábannos dende as fiestras... Eramos libres... Aínda que non o sabiamos... Que mágoa! Eu podo engadir esa sensación de liberdade á miña lembranza agora, pero daquela non pensabamos niso. Pasabámolo ben e xa está. Nunca pensara niso.

Cantas veces ao longo da miña vida, non souben distinguir o que estaba vivindo en realidade? Bufff! Teño que pensar nisto. Vou comezar dende hoxe para atrás, por se estou perdendo algo agora mesmo.

(Volve cun chal de la)

BEATRIZ

Ten, pon isto polos ombreiros. Só falta que te vaias arrefriar agora.

INMACULADA

Trae, póño..., non me arrefrió.

BEATRIZ

Non te poñas condescendente comigo, sabes que estás coas defensas moi baixas e non che ven ben coller nada agora mesmo.

INMACULADA

Si, tes razón. Abrígame, ves?

BEATRIZ

Comiches?

INMACULADA

Si, comín un pouco. Pero non puiden comer todo o que me deixaches. Creo que non podería nin que estivera san coma unha rosa.

BEATRIZ

Non esaxeres. O que pasa é que non te esforzas e hai cousas que os demais non podemos facer por ti. Tes que comer ti para recuperararte.

INMACULADA

Agora mesmo estaba lembrando cando eramos nenas, canto che gustaba andar de perica campo a través.

BEATRIZ

Si, e que?

INMACULADA

E despois, de adolescente, estabas sempre de excursións na montaña, facendo *trekking* e diso todo...

BEATRIZ

Si, gustábame. Todos os da miña cuadrilla eramos desa corda.

INMACULADA

E agora, non fas nada?

BEATRIZ

Non teño tempo para facer excursións. Teño quendas, gardas, estudos, non teño tempo. E a Carlos non lle gusta nada.

INMACULADA

A Carlos non lle gusta. Aí está a chave das noces.

BEATRIZ

Non comeces, non quero que me quentes a cabeza.

INMACULADA

Non comezo, pero sempre rematamos a conversa no mesmo punto. En Carlos. El gústame e ti sábelo, pero preocúpame que sexa o impulsor das túas renuncias...

BEATRIZ

Non sei por que tes que darlle voltas a iso agora.

INMACULADA

Porque até agora, viviamos a 300 km de distancia, viámonos catro veces no ano. Falando por teléfono, aínda todos os días, non se capta a esencia das cousas. Pero agora levo acó case catro meses e vexo o que hai ao meu arredor.

BEATRIZ

Ti fas unha interpretación libre do que ves ao teu arredor, que é moi diferente. Máis que a miña irmá maior, estasme parecendo unha sogra resabida.

INMACULADA

Moi ben, ti mata ao mensaxeiro. Iso é o máis sinxelo. Non te quedes no superficial. Repítoche, Carlos gústame, creo que é unha boa persoa e que te quere moitísimo. Pero tamén vexo outras cousas...

BEATRIZ

Non che parece un abuso? Que esteas acó, na miña casa, e esteas xulgando a miña vida. A miña feliz vida até agora.

INMACULADA

Non te estou xulgando. Fáloche en confianza, de irmá a irmá. Quero que aproveites ben todo o que poidas. Por a miña experiencia sei que en calquera momento podes enfermarse e todo cambia...

BEATRIZ

Ben, non te poñas tráxica. Agora estás mellorando e todo vai a volver a ser coma antes. A túa enfermidade é un paréntese. Antes de que te des conta has de volver á normalidade

INMACULADA

Xa o sei, pero o meu xeito de ver as cousas, cambiou...

BEATRIZ

Veña, acabouse. Vouche facer un batido para a merenda.

(Entra na casa)

INMACULADA

Non, por favor. Non soporto un batido máis. (Volve falar ao público directamente) Estou até o moño dos batidos, da comida macrobiótica, dos complexos vitamínicos... Se teño que comer todo o que din que é preciso comer para levar unha boa alimentación, non faría outra cousa en todo o día. Preciso ir para a miña casa e facer o que me pete. Levo acó catro meses e xa non podo máis. Agora xa rematei os tratamentos. Quero estar na miña casa, coas miñas cousas. Alí teño os meus libros, a miña música, aos meus amigos... Non ten sentido que quede máis tempo. Agora xa sei que non teño pendentes máis médicos. Xa non hai nada máis que poida facer para sandar. Agora xa sei que non me vou poñer ben.

Beatriz é a miña familia máis próxima. Ela é doutora. Ela decidiu non dicirme a verdade da miña enfermidade. Ela está moi triste porque sabe que vou morrer en pouco tempo.

O seu home e o resto da familia, miñas tías e meus primos, coidan uns dos outros. Todos pensan que non sei nada, pen-

san que estou certa de que estou mellorando, saber que vivo nesa ignorancia alivia o seu pesar. Pero, eu tamén estou triste porque vou morrer axiña, moito antes do meu tempo. E non podo falar diso con ninguén, porque ninguén sabe que o sei. Entón estamos xogando a un xogo parvo... Síntome soa. Por iso teño que marchar de aquí canto antes. Sei que o fan polo meu ben, pero non é o meu ben.

(Volve Beatriz cun vaso de batido)

BEATRIZ

Aquí tes. Bebe a grolos pequeniños.

INMACULADA

De que cor é?

BEATRIZ

Verde.

INMACULADA

Que noxo!

BEATRIZ

Por favor, parece unha cativiña protestona.

INMACULADA

Aborrezos os de cor verde, sempre son noxentos.

BEATRIZ

Acaban de chamarme as miñas amigas, van vir a tomar café.

INMACULADA

Amparito e Sarita! Iiiiuhuuu, que súper plan! Xa sei, prométoche que tomo o batido enteiriño se lles pos a elas tamén un vasiño verde.

BEATRIZ

Es parva! Non sei porque non che caen ben.

INMACULADA

Porque son insoportables. Póñense nerviosas se escoitan a palabra cancro. Sempre que as vexo, teño gañas de saudalas dicindo

«Ola Amparito, hoxe teño moito cancro».

BEATRIZ

Que mala es!

INMACULADA

Sempre me miran para a testa, un día destes hei de sacar o pano e deixarlles ver a miña cabeciña calva. Ao mellor desmáianse.

BEATRIZ

Son persoas moi sensibles, que por sorte para elas non tiveron contacto coa enfermidade nunca. Pero sempre teñen contigo moitos detalles.

INMACULADA

E Sarita, ponse nerviosa cada vez que me oe tusir. Pensa que lle vou pegar algo.

BEATRIZ

É un pouco hipocondríaca. Pero é moi boa persoa. As dúas o son, de feito. E a min quérenme moito. Coidamos unhas das outras dende hai moito tempo.

INMACULADA

Si, iso é o que fan as amigas, coidar de unha, compartir as cousas boas e as malas. Por iso eu preciso estar coas miñas. Ter meus amigos a 300 km. de distancia é o peor que estou pasando.

BEATRIZ

Antes de que te deas de conta, estarás de volta.

INMACULADA

Non.

BEATRIZ

Como que non? Que queres dicir?

INMACULADA

Quero dicir que vou marchar axiña. Pasado mañá, para ser exacta.

BEATRIZ

Nin o soñes, diso nada. Non estás aínda nin de lonxe para estar soa.

INMACULADA

Escóitame, hei de contratar unha persoa para que me axude na casa todos os días. E coa compra e coa comida. Prométoche comer todos os días comida san e brotes e todo iso.

BEATRIZ

Pero precisas de atención médica que...



INMACULADA

Mira, xa sabes que a miña casa está pegada ao ambulatorio. Non hei de ter problema niso. Xúroche que me hei coidar moitísimo e, á mínima cousiña que note, chamo ao médico rapidamente.

BEATRIZ

Alí non tes a ninguén da familia preto de ti.

INMACULADA

Chamareite por teléfono todas as mañás e todas as tardes. Até podemos falar polo ordenador, se queres. Á mínima que ti o consideres axeitado, vólvome.

BEATRIZ

Agarda un pouco, xa o pensaremos máis adiante...

INMACULADA

Está decidido. Quérote moitísimo, miña irmá. Ninguén me coidou mellor ca ti. Pero, agora mesmo, teño que ser un pouco egoísta. Teño que pensar en min máis que en ti e iso só pododo facelo mentres estea enferma. Teño que arranxar as miñas cousas, teño todo descoidado dende hai meses...

BEATRIZ

Pero e que...

INMACULADA

Miña nena, tes que deixar que marche. Se non me deixas marchar, eu quedo contigo pero non vou estar feliz. Tes que deixarme marchar, fixeches por min todo, mellor que ninguén, nunca poderei agradecerche como me coidaches pero, agora, tes que deixar que marche...

BEATRIZ

Teño que deixar que marches...

INMACULADA

Si, miña nena.

BEATRIZ

Pero advírtoche que te vou vixiar de preto e...

(Chegan Amparo e Sara de visita)

AMPARO E SARA

Ola!

BEATRIZ

Ola, rapazas.

(Sarita achégase a Inma para saudala cun bico. Inmaculada finxe que lle da a tose, mirando para Beatriz que lle afea a conduta cun xesto. Sarita saca un pano e pono diante do nariz)

SARITA

Como estás hoxe, Inmaculada?

INMACULADA

Pois, mira hoxe parece que teño moito... (Tal parece que vai a dicir cancro, Beatriz faille un xesto «como o digas, esfólote») moito ... ánimo.

AMPARITO

Pois hoxe tes moi boa cara, estás moi guapa. Séntache ben estar un pouco ao fresco.

BEATRIZ

Si,... vou sacar o pano da cabeza a ver se me colle un pouco de colorciño...

SARITA

Pois eu teño un chisco de frío, case entro de mellor gana...

INMACULADA

Claro que si, que vos faga Bea un batido destes tan ricos. Este meu é de cor verde e está moi saboroso.

BEATRIZ

Si, pasade. Estamos mellor dentro.

(Entran as tres, Beatriz de última, dende a porta mira a súa irmá e rin as dúas)

INMACULADA

Métome con elas porque paréceme que ser un pouco bruxa avívame o sangue. Son moi mala, pero elas son boas rapazas e queren moito á miña irmá. Cando chegue o momento han de ser un bo apoio para ela.

(Respira profundamente, gozando do cheiro a herba cortada que a rodea) O cheiro a herba acabada de cortar...

Mmmmm... Estas son as pequenas cousas que sinto perder...  
Lembro aquilo que lín unha vez

Se souberamos que esta tarde nos quedaremos cegos  
botaríamos unha mirada nostálxica  
unha verdadeira derradeira mirada  
a cada febra de herba  
a cada formación de nubes  
a cada mota de po  
a cada arco da vella  
a cada pinga de choiva  
A todo ...

ACABÍN